

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Conforme ao artigo 28.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os traballadores con relacións de traballo temporais ou de duración determinada, ¿de qué nivel de protección en materia de seguridade e saúde disfrutarán?**

- A) Dun nivel superior ao dos restantes traballadores da empresa.
- B) Do mesmo nivel que os restantes traballadores da empresa.
- C) Non disfrutarán de ningún nivel de protección.
- D) Dun nivel inferior ao dos restantes traballadores da empresa.

**2. O artigo 10.3 da Lei Xeral de Sanidade establece que todos teñen os seguintes dereitos con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias:**

- A) Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- B) Á confidencialidade de parte da información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas.
- C) Á confidencialidade de case toda a información relacionada coa súa estancia en institucións sanitarias privadas que colaboren co sistema público.
- D) Á confidencialidade da información relacionada coa súa estancia en institucións sanitarias públicas pero non nas privadas, aínda que colaboren co sistema público.

**3. Segundo o artigo 16.1 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o responsable do tratamento terá a obriga de facer efectivo o dereito de rectificación ou cancelación do interesado no prazo de:**

- A) Cinco días.
- B) Dez días.
- C) Vinte días.
- D) Trinta días.

**4. Segundo o artigo 30.1 da Lei de Saúde de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia é parte integrante:**

- A) Do Sistema Internacional de Saúde.
- B) Do Sistema Mundial de Saúde.
- C) Do Sistema Nacional de Saúde.
- D) Do Sistema Municipal de Saúde.

**5. Segundo o artigo 16.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia:**

- A) A Xunta de Galicia está composta polo Vicepresidente e os Conselleiros.
- B) A Xunta de Galicia está composta polo Presidente, tres Vicepresidentes e cen Conselleiros.
- C) A Xunta de Galicia está composta por dous Presidentes, os Vicepresidentes e os Conselleiros.
- D) A Xunta de Galicia está composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes, no seu caso, e os Conselleiros.

**6. Segundo o artigo 43.1 da Constitución Española reconécese o dereito a:**

- A) Gozar de boa saúde.
- B) Estar sans.
- C) Que os poderes públicos garantan a saúde.
- D) A protección da saúde.

**7. Conforme ao artigo 42 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, as pagas extraordinarias:**

- A) Serán tres ao ano e se devengarán preferentemente nos meses de marzo, xuño e decembro.
- B) Serán dúas ao ano e se devengarán preferentemente nos meses de xuño e decembro.
- C) Serán dúas ao ano e se devengarán preferentemente nos meses de maio e novembro.
- D) Serán dúas ao ano e se devengarán preferentemente nos meses de xaneiro e decembro.

**8. Segundo o artigo 18 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, é un dereito colectivo:**

- A) A actividade sindical.
- B) A promoción interna.
- C) A acción social.
- D) A estabilidade no emprego.

**9. O artigo 23 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, referido ao concurso–oposición sinala no seu punto 3 que a puntuación obtida na fase de concurso:**

- A) Non poderá ser aplicada para superar a fase de oposición.
- B) Poderá ser aplicada para superar a fase de oposición.
- C) Poderá excepcionalmente ser aplicada para superar a fase de oposición.
- D) Poderá ser aplicada para superar a fase de oposición si así o decide o tribunal por maioría.

**10. Conforme ao artigo 15 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica deberá ser única por paciente:**

- A) Polo menos a nivel da Unión Europea.
- B) Polo menos a nivel do Estado español.
- C) Polo menos a nivel de cada servizo de saúde.
- D) Polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.

1. Conforme ao artigo 17.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ¿quén velará polo uso efectivo polos traballadores dos equipos de protección individual cando pola natureza dos traballos realizados sexan necesarios?

- A) A Xunta de Persoal.
- B) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) O Comité de Empresa.
- D) O empresario.

2. Segundo o artigo 11.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- A) A circunscrición electoral será sempre o municipio.
- B) A circunscrición electoral será, en todo caso, a provincia.
- C) A circunscrición electoral decidirase para cada proceso electoral.
- D) A circunscrición electoral será sempre a Comunidade Autónoma.

